

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 16 DE XUÑO DE 2021 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ORGANIZAR OS OBRADOIROS DE EXTENSION UNIVERSITARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2021/2022**

O Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo (DOG do 22 de febreiro de 2019) establece no seu artigo 2 que entre os seus fins prioritarios está fomentar o desenvolvemento sustentable, a vida saudable, a cultura, o deporte e o voluntariado. Así, no artigo 97 do devandito texto normativo establécese que “*A creación e a transmisión do coñecemento, como actividade propia da Universidade, instrúntase a través da docencia, da investigación, da transferencia, da extensión universitaria e da divulgación científica.*”

Un dos instrumentos mais relevantes dos que dispón a Universidade de Vigo para desenvolver este mandato estatutario, xunto cos cursos de extensión universitaria, consiste no programa de obradoiros, xa que lles permite aos membros da comunidade universitaria promover e organizar accións formativas que, ademais de servir de complemento á formación regrada, facilitan a transmisión de destrezas e habilidades desenvolvidas por estes ao noso contorno social, e contribúen decididamente a vincular á Universidade de Vigo coa sociedade en que se insire.

A diferenza dos cursos de extensión universitaria, os obradoiros pretenden desenvolver os ámbitos de formación que son de interese para amplos colectivos da comunidade universitaria e requiren unha formación continuada, sen formar parte dos plans de estudos, nin da oferta de créditos de optativos por actividades universitarias. Deste xeito preténdese contar, a medio prazo, con grupos capacitados en diversos ámbitos culturais que poidan representar a Universidade de Vigo en foros nacionais e internacionais.

En virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades, esta reitoría **RESOLVE**:

1. Facer pública a convocatoria de axudas para a organización de obradoiros da Universidade de Vigo para o primeiro cuadrimestre do curso 2021/2022.
2. Ordenar a publicación da presente convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/>



Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 26/05/2020 (D.O.G. do 4 de xuño)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria

*(asinada electronicamente)*

Natalia Caparrini Marín

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800049s21N0000047

CSV

GEISER-c3c3-3c29-447f-4e4c-8465-d9b9-a4d2-0e2e

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

16/06/2021 13:49:05 Horario peninsular

Validez del documento

Original



**BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ORGANIZAR OS OBRADOIROS DE EXTENSION UNIVERSITARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2021/2022****1. OBXECTO DOS OBRADOIROS**

Desenvolver unha oferta formativa

- a) de carácter práctico,
- b) en áreas culturais, técnicas ou científicas con contidos diferentes dos que forman parte das materias curriculares das titulacións oficiais da Universidade de Vigo,
- c) que permita xerar axentes culturais que incidan na universidade e na contorna.

**2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**

So poderán solicitar a organización de obradoiros os membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo (PAS, PDI e estudantes) e deberán pertencer a ditos colectivos ata a finalización do obradoiro do que son responsables.

A persoa solicitante, en calidade de coordinador ou coordinadora do obradoiro proposto, deberá acreditar relación coa temática do obradoiro que solicita e impartir un mínimo do 20% das horas do obradoiro.

Unha mesma persoa só poderá presentar, en calidade de coordinador/a, un máximo de 3 solicitudes. No caso de que presente máis de tres solicitudes requiriráselle para que identifique cales deberán terse por presentadas.

**AVISO IMPORTANTE:**

*Deberanse ter en conta as indicacións das autoridades sanitarias por mor da emerxencia sanitaria motivada pola pandemia do COVID19 en relación coas normas de seguridade e de protección á hora de determinar o lugar de realización da actividade, o número de matriculas, así como outras posibles normas que se diten ao respecto (aforo, distancias mínimas entre alumnos/as, etc.).*

**3. CONDICIÓN XERAIS****3.1. Características académicas dos obradoiros**

- a) Cada obradoiro deberá remitir un programa que inclúa a temática, obxectivos, metodoloxía e recursos. Tamén, de ser o caso, a distribución de actividades e a dedicación (diferenciando as horas presenciais\* e horas de traballo individual do alumnado), así como os procesos de avaliación do alumnado.

\* Debido á situación sobrevida polo COVID 19 a docencia “non presencial sincrónica” (mediante videoconferencia) será considerada “presencial” a estes efectos.

A modalidade do obradoiro pode ser presencial, sincrónica ou combinando as dúas (mixta).



No caso de que sexa elixida a modalidade síncrona ou mixta, na solicitude deberán especificarse con detalle, as ferramentas imprescindibles que precisan as persoas matriculadas para desenvolver o curso de forma axeitada e non poderán solicitar a devolución de matrícula por este motivo.

As horas de traballo individual do alumnado non poderán superar o 10% do total das horas do obradoiro.

- b) Deberá recoller un procedemento de avaliación do propio obradoiro que permita analizar o grado de cumprimento dos obxectivos e introducir melloras no futuro.
- c) Terá unha duración mínima de 20 horas (incluídas as de dedicación do estudante, logo de incluír todos os conceptos).
- d) Deberá celebrarse, na súa totalidade, no primeiro cuadrimestre do curso académico 2021/2022, e como máximo ata o 28/01/2022 (incluído).
- e) O número de estudantes ofertado por cada obradoiro non pode ser inferior a 10 (deberanse ter en conta as indicacións das autoridades sanitarias por mor da emerxencia sanitaria motivada pola pandemia do COVID19 en relación coas normas de seguridade e de protección (distancias mínimas entre alumnos/as, etc.) á hora de determinar o número de estudantes ofertado).
- f) O estudantado da Universidade de Vigo poderá validar os obradoiros por créditos ECTS por actividades universitarias culturais. O recoñecemento farase a razón de 1 crédito ECTS por cada 30 horas de traballo do estudantado.
- g) Unha vez rematado o obradoiro, a persoa encargada da coordinación do mesmo elaborará unha memoria final, que deberá remitir, xunto ás enquisas finais realizadas ao alumnado, á Vicerreitoría correspondente, **nun prazo de 10 días hábiles** contados dende o remate do obradoiro.  
Na memoria final deberase especificar o código e nome do obradoiro e será remitida, debidamente asinada dixitalmente, aos seguintes correos electrónicos:
  - Para a vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión universitaria: [estudiantes@uvigo.es](mailto:estudiantes@uvigo.es)
  - Para a vicerreitoría do Campus de Ourense: [asc-ou@uvigo.es](mailto:asc-ou@uvigo.es)
  - Para a vicerreitoría do Campus de Pontevedra: [vic.pon@uvigo.es](mailto:vic.pon@uvigo.es)
- h) Corresponde á persoa encargada da coordinación do obradoiro establecer os contidos do programa, contactar e informar as/os docentes, así como organizar o desenvolvemento do obradoiro, garantir o control de asistencia de cara á entrega de diplomas, articular o procedemento de avaliación do obradoiro, realizar a enquisa final a tódolos/as matriculados/as, así como de cantas outras tarefas de xestión sexan precisas para o normal funcionamento do obradoiro.



### 3.2. Condicións de matrícula nos obradoiros

- a) O importe da matrícula para cada obradoiro será de 40 euros para o público en xeral.
- b) As persoas pertencentes aos grupos determinados no acordo do Consello de Goberno da Universidade de Vigo de 1 de febreiro de 2021 sobre a consideración de persoa pertencente á comunidade universitaria e de persoa vencellada á universidade de Vigo en relación coas actividades de extensión universitaria <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/441> terán as seguintes reducións segundo ao grupo a que pertencen:
- Colectivos dos Grupos A e B: redución do 35 % sobre o prezo da matrícula.
  - Colectivo do Grupo C: redución do 20 % sobre o prezo da matrícula.
- c) Procederá a devolución do prezo da matrícula dos obradoiros, tras solicitude da persoa interesada, cando concorran algunha destas causas:
- Cancelación do obradoiro ou modificación das datas de celebración, horario ou lugar.
  - Formalización da matrícula unha vez completado o número de prazas do obradoiro.
  - Comezo dunha relación laboral (mediante un contrato de traballo ou de alta na Seguridade Social).
  - Maternidade/Paternidade (co correspondente certificado médico).
  - Enfermidade (co correspondente certificado médico).
  - Aboamento dunha cantidade superior ao prezo do obradoiro como consecuencia de erros materiais ou de cálculo. Neste caso devolverase a diferenza aboada en exceso.
- d) As solicitudes de devolución deberán solicitarse no prazo improrrogable de dez días naturais contando dende a data de comezo do obradoiro, achegando a documentación xustificativa.
- Nos casos de devolución establecidos no apartado anterior (3.2d) a persoa matriculada deberá acceder a través da mesma plataforma de inscrición para introducir o número de conta no que se fará efectiva a devolución.
- O enlace para a tramitación de devolucións é o mesmo que se utilizou para a inscrición: <https://campusactivo.uvigo.gal/>.

### 3.3. Financiamento dos obradoiros

As propostas de obradoiros incluírán o orzamento de ingresos e gastos. O orzamento total de gastos deberá coincidir co orzamento de ingresos.

Quen coordine o obradoiro levará a cabo todas as xestións necesarias para cobrar as subvencións externas á Universidade de Vigo, no suposto en que a Universidade de Vigo perciba ingresos de entidade(s) e/ou institución(s) deberá achegarse xunto coa documentación do obradoiro o oportuno convenio debidamente asinado no que se detalle tal achega.

Sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria, a contribución da Universidade de Vigo para organizar os obradoiros non superará os 1.500€, agás nos casos que,



polas súas especiais características e debidamente xustificado, sexa aprobado pola comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou consello de Campus correspondente.

Os fondos destinados a esta acción irán con cargo ás aplicacións orzamentarias e co importe máximo que se indica:

OUR1 211ECUL 22606 campus de Ourense. Importe máximo total: 10.500€.  
PON1 211ECUL 22606 campus de Pontevedra. Importe máximo total: 10.500€.  
00CA 211ECUL 22606 campus de Vigo. Importe máximo total: 10.500€.

#### 4. DESENVOLVEMENTO DOS OBRADOIROS

A Universidade de Vigo xestiona e financia os custos de publicidade e difusión dos obradoiros aprobados ao abeiro da presente convocatoria.

Unha vez aprobada a oferta de obradoiros, especificarase o seu prazo de matrícula, que será o mesmo para cada campus.

Tras finalizar o prazo de matrícula, un obradoiro cancelarse se non acada o 70 % das prazas ofertadas, e/ou non dispón do financiamento que asegure que se vai realizar.

A Universidade de Vigo expedirá, un diploma oficial, acreditativo da asistencia, a cada participante que seguise polo menos un 85 % das horas totais do obradoiro. Este diploma virá asinado polo xefe de servizo de Xestión da Extensión Universitaria e a vicerreitoría correspondente segundo o campus, e nel indicarse o nome e apelidos da persoa asistente, o título, o número de horas do obradoiro e as datas nas que tivo lugar.

#### 5. EXCLUSIÓN

Quedan excluídos desta convocatoria:

- Os cursos de especialización, cursos de posgrao e mestrados, así como calquera outra actividade formativa que non se axuste aos obxectivos e formato desta convocatoria.
- As actividades formativas que reciban financiamento de calquera outra das convocatorias da Universidade de Vigo.

#### 6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A persoa encargada da coordinación do obradoiro proposto deberá encher o modelo oficial de solicitude/formulario que se atopa na secretaría virtual da Universidade de Vigo:

[https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir\\_paso1/7885](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/7885)

e asinalo dixitalmente.

A presentación do citado formulario será a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) entrando no procedemento



“Axudas para organizar obradoiros 1º cuatrimestre” (achegando unicamente a solicitude e non os anexos) e deberá dirixirse á vicerreitoría do campus onde se vaia a celebrar o obradoiro. No caso de que non se celebre en ningún dos campus, dirixirase á Vicerreitoría onde a persoa solicitante (coordinación do obradoiro) teña establecido o seu centro de traballo ou de docencia maioritariamente:

- Campus de Vigo: á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, campus universitario, 36310 Vigo.
- Campus de Ourense: á Vicerreitoría do campus de Ourense, edificio das Facultades, Campus As Lagoas, 32004 Ourense.
- Campus de Pontevedra: á Vicerreitoría do campus de Pontevedra, Casa das Campás, rúa don Filiberto, 9-11, 36002 Pontevedra.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día **5 de xullo de 2021, ás 23:59 horas** (hora peninsular española).

A persoa solicitante (coordinación do obradoiro) no momento de encher a solicitude deberá achegar (subir) **nun só arquivo**, a seguinte documentación (o título do arquivo será a denominación do obradoiro):

- Anexo II: Datos do obradoiro
- Anexo III: Currículo resumido do persoal docente.
- Anexo IV: Custo do persoal docente.
- Anexo V: Orzamento do obradoiro, asinado dixitalmente pola persoa solicitante.
- No caso de contar con financiamento externo á Universidade de Vigo, achegarase a documentación acreditativa expedida pola(s) entidade(s) ou institución(s) correspondente(s), con indicación da contía económica concedida en cada un dos casos, no suposto que a Universidade de Vigo perciba ingresos por entidade(s) e/ou institución(s) deberá achegarse o oportuno convenio debidamente asinado no que se detalle tal achega.

Ás persoas solicitantes tamén se lles poderá requirir que acheguen aqueloutros documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para o outorgamento da axuda.

## 7. SELECCIÓN

A comisión de Extensión Universitaria e Estudantes (no caso das solicitudes presentadas no campus de Vigo), o consello de campus de Ourense ou o consello de campus de Pontevedra (no caso das solicitudes presentadas nos respectivos Campus), avaliará todas as propostas recibidas e decidirá os obradoiros que se realizarán.

Para iso, a comisión de Extensión Universitaria e Estudantes ou o consello de Campus respectivo avaliará e seleccionará as que constituirán a programación de obradoiros de acordo cos seguintes criterios:

- Diversidade de ámbitos (saúde, científico, tecnolóxico, xurídico-social e humanístico) e procurarse que, como mínimo, se aprobe un obradoiro por ámbito.
- Calidade e viabilidade das propostas.



- Oportunidade e impacto das propostas en función do contexto histórico, cultural, socioeconómico e de especialización de cada Campus.
- Daráselles prioridade ás propostas de obradoiros que capten financiamento externo.
- Avaliaranse positivamente os obradoiros en que os contidos se atopen aliñados con un ou varios dos obxectivos de desenvolvemento sostible da axenda 2030 (<https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo-sostenible/>). Neste caso, recoméndase explicar no anexo II da documentación os obxectivos de desenvolvemento sostible cos que se aliña a proposta.
- Avaliaranse positivamente as novas propostas e as propostas de obradoiros realizados en anos anteriores que tiveran unha boa avaliación (teranse especialmente en conta os resultados das enquisas de avaliación e a memoria da anterior edición).
- Avaliaranse negativamente aquelas solicitudes de obradoiros presentadas con anterioridade que non tiveran unha boa avaliación ou que non acadaran o mínimo de matrículas necesario para o realizar.
- No caso de que se presenten propostas de obradoiros con temáticas similares aprobarase, de ser o caso, unicamente unha delas. Alternativamente, a comisión podería recomendarlles as persoas solicitantes a fusión das propostas nun único obradoiro.

Ademais das solicitudes anteriores, a vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria, para o campus de Vigo, e as vicerreitorías dos campus de Ourense e Pontevedra, para os seus respectivos campus, poderán tomar a iniciativa de organizar obradoiros para cumprir os obxectivos previstos. As vicerreitorías poderán encargar o deseño destes obradoiros a persoas ou entidades alleas á Universidade. A comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes (no campus de Vigo) ou o consello de campus (nos casos de Ourense e Pontevedra) serán informados dos obradoiros propostos.

## 8. RELACIÓN DE SOLICITUDES ADMITIDAS/EXCLUÍDAS A TRÁMITE E CONCEDIDAS/DENEGADAS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas, publicarase a resolución provisional coa listaxe dos obradoiros admitidos e excluídos a trámite, sinalando os motivos de exclusión.

Darase **un prazo de cinco días hábiles**, que contarán dende o día seguinte á publicación, para emendar os erros, achegar a documentación requirida ou presentar as alegacións que consideren oportunas. Para tal fin a persoa que coordina o obradoiro presentará a documentación de alegacións a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) entrando no procedemento “Emenda e mellora da solicitude” e facendo referencia ao número de rexistro da solicitude.

Unha vez finalizado o prazo e revisadas as alegacións presentadas, será publicada a resolución definitiva de solicitudes admitidas e excluídas a trámite. Posteriormente, a comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou consello





de Campus correspondente, reunirse para levar a cabo o proceso de selección e publicarse a listaxe provisoria de obradoiros concedidos e denegados.

A continuación, darase **un prazo de cinco días hábiles**, que contarán dende o día seguinte á publicación, para presentar as alegacións que consideren oportunas. Para tal fin a persoa que coordina o obradoiro presentará a documentación de alegacións a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) entrando no procedemento “Emenda e mellora da solicitude” e facendo referencia ao número de rexistro da solicitude.

Unha vez finalizado este prazo, a comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou consello de Campus correspondente, reunirse para estudar e valorar as alegacións presentadas e, de ser o caso, publicarse a listaxe definitiva de cursos concedidos e denegados.

Calquera modificación para realizar os cursos aprobados na resolución definitiva de concesión, deberá ser remitida por escrito para ser avaliada e aceptada polas vicerreitorías competentes.

A persoa encargada da coordinación do curso deberá aceptar a axuda para realizar o curso, de ser o caso, mediante documento asinado, comprometéndose a cumprir todas as condicións recollidas nas presentes bases e as aprobadas pola comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou consello de campus correspondente.

## 9. TRATAMIENTO DE DATOS PERSOAIS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou “RXPDP”) e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que nos facilite na solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de organizar e xestionar os obradoiros, e amparados por esta convocatoria.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico [igualdade@uvigo.es](mailto:igualdade@uvigo.es).

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a



solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada en sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/>, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario, 36310-Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: [dpd@uvigo.gal](mailto:dpd@uvigo.gal).

**Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).**

---

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800049s21N0000047

CSV

GEISER-c3c3-3c29-447f-4e4c-8465-d9b9-a4d2-0e2e

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

16/06/2021 13:49:05 Horario peninsular

Validez del documento

Original

